

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 21 DE XANEIRO DE 2021.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e cinco minutos do día 21 de Xaneiro de 2021 réunese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GOMEZ (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE).
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ (RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

ALCALDE.- BOA TARDE A TODOS E TODAS ,IMOS ESCOMENZAR A SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 21 DE XANEIRO.

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 28 DE DECEMBRO DE 2020 (ORDINARIA) .

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 28 de Decembro de 2020 (ordinaria), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobadas por unanimidade dos asistentes.

2.-DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 22 de decembro, unha, sobre aboamentos.

Do 23 de decembro; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; tres, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre expte. sancionador; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público.

Do 28 de decembro; doce; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión tarxeta permiso circulación zona peonil Conxunto Histórico de Ribadavia;

unha, sobre reduc. xornada; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación dominio público; dúas, sobre exp. tarxetas estacionamento; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de decembro; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre reclamación taxa entrada vehículos; tres, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de decembro; vinte; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; nove; sobre liquidación pluvalía; tres, sobre baixa rede sumidoiro; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión vacacións; unha sobre xeración créditos 18/20; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de decembro; dúas; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha sobre bases “Ribadavia chea de vida”.

Do 04 de xaneiro; seis; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre formalización contrato laboral; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de xaneiro; seis; tres, sobre liquid. taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre concesión sevizo Xantar na Casa; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xaneiro; tres; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de xaneiro; once; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre rectificación recibo entrada vehículos; unha, sobre baixa IVTM; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre reduc. xornada; catro; sobre exptes. sancionadores; unha, sobre aboamentos.
Do 11 de xaneiro; cinco; unha, sobre rectificación recibos taxa recollida lixo; unha, sobre reclamación catastral; dúas, sobre exptes. sancionadores; unha, sobre concesión vacacións.

Do 12 de xaneiro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre expte. sancionador; unha, sobre solicitude subvención; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xaneiro; oito; unha, sobre baixa IAE e recollida lixo; unha, sobre exenc. IVTM; catro, sobre expedientes sancionadores; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xaneiro; quince; seis; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa rede sumidoiros; unha, sobre serv. axuda no fogar, cinco, sobre expedientes sancionadores; dúas, sobre concesión vacacións.

Do 15 de xaneiro; cinco; unha, sobre baixa na rede sumidoiros; unha, sobre anulación sanción; unha, sobre baixa débeda pendente IAE; unha, sobre baixa débeda pendente; unha, sobre concesión vacacións.

Do 18 de xaneiro; catro; dúas, sobre prórroga contratación; unha, sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre permio por falecemento de familiar.

Do 19 de xaneiro; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes.

Do 20 de xaneiro, unha, sobre concesión vacacións.

Do 21 de xaneiro, unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 22 de xaneiro; catro; unha, sobre expte. sancionador; dúas; sobre concesión servizo Xantar na Casa; unha, sobre concesión vacacións.

Do 23 de xaneiro, unha, sobre expte. sancionador.

3.-RECTIFICACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO IDA E PARA “ PROYECTO DE AHORRO Y EFICIENCIA ENERGÉTICA EN EL ALUMBRADO PÚBLICO. AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA”.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

En relación con el programa de ayudas previstas en el Real Decreto 616/2017 de 16 de junio.

Considerando que con registro de entrada en el ayuntamiento número 333 de 21 de enero de 2021 el Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico formula requerimiento de subsanación de omisiones subsanables y deficiencias en relación a la solicitud formulada por el Ayuntamiento de Ribadavia de subvención nº de expediente FEDER-EELL-2020-004416 en el que se indica:

“ Por todo ello, de acuerdo con el artículo 12.4.a) del RD 616/2017, se solicita nuevamente se aporte certificado acreditativo que apruebe las actuaciones que componen el proyecto singular y la dotación presupuestaria para llevarlas a cabo, indicándose numéricamente , por la totalidad del proyecto y no únicamente por el porcentaje de cofinanciación que le corresponde al ayuntamiento.

El pleno del ayuntamiento de Ribadavia acuerda:

“1º Aprobar la participación y aceptación expresa del procedimiento regulado por el Real Decreto 61/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 .

2º Aprobar el proyecto singular subvencionable englobado en la Medida 6 “ Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior” título del proyecto “ Proyecto de ahorro y eficiencia energética en el alumbrado público. Ayuntamiento de Ribadavia ” por un importe subvencionable de 996.778,67 €, ayuda solicitada 797.430,94 euros , aportación municipal, 199.357,73€ , aprobando la dotación presupuestaria para llevar a cabo el 100% del proyecto planteado.

3º Aprobar la memoria descriptiva de la actuación “Proyecto de ahorro y eficiencia energética en el alumbrado público. Ayuntamiento de Ribadavia” redactada por Sergio Rodríguez Rodríguez de fecha 8 de maio de 2020 .

4.- Aprobar el compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar la cuantía que le corresponda asumir al ayuntamiento respecto al importe total del proyecto “ Proyecto de ahorro y eficiencia energética en el alumbrado público. Ayuntamiento de Ribadavia ” -en el caso de que el mismo resulte seleccionado en esta convocatoria

5.- Aceptar las condiciones de financiación y demás requisitos establecidos en el Real Decreto citado.

6.- Comprometerse a habilitar el crédito necesario para financiar el citado proyecto, por un importe total de 996.778,67 euros, en el caso de que el proyecto resulte seleccionado.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PP , reservanse para o pleno PSOE, RENC, BNG fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Unha cuestión antes de comenzar con este punto. Para o PSOE é moi importante o que imos a tratar. Actuaremos en consecuencia á resposta. Non podemos esquencer que fomos a chamar a atención ao alcalde pola súa actuación no cribado. Imos facer un repaso das súas indignidades coa posibilidade de levantarnos e irnos. Das moitas indignidades cunha crise lamentable. O grupo socialista mostra a súa indignación coa forma de actuar do alcalde. A tarefa dun alcalde é coordinar, non ten que facer outras cuestións. Vostede seguiu pasando lista despois de decírselo. Se adicou a cantar cumpleaños, cando este concello ten un conservatorio. Despois de ser incapaz de comprar mascarillas, non tivo a iniciativa que tiveron PSOE e Ribeiro en Común para compralas, as repartiú como se as comprase él. Vostede se puso co listado dos chamados ao cribado polo Sergas, onde lle fomos a chamar indigno. Vostede sempre dice que o que diga o comité clínico. Ningún alcalde se puso porque ten vergoña. Seguiu todo o día, dixo que por ser voluntario de protección civil. É unha indignidade. Eu se tivera que ir a colaborar me poñería onde non me viese a xente.

Vostede tivo un listado que non podía ter.

¿ Vostede e o tenente de alcalde se fixeron as probas sobrantas? Contesteste a esta pregunta.

Alcalde.- É unha cuestión que se debe plantexar no turno de rogos e preguntas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Como grupo socialista lle esiximos que o aclare. Si este señor non contesta e fixo eso, ten que dimitir maña. Se non responde e porque as fixo. Se non dimite non pode ocupar ese sitio nin un minuto máis. Os nenos e os usuarios do asilo están esperando pola proba. Se fixeron as probas ten que dimitir. Diga que non.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boa tarde a todos e todas. Pensamos que íamos a estar mellor. É desolador ver así a Ribadavia e á comarca. Lamentar as perdas ocasionadas por esta terceira onda.

Eu non estiven alí ese día, pero me enterei. Lle pedí explicacións ao alcalde. Lle transmití que non me parecía correcto. Me sorprendió que pasase lista. Non saíu ningún positivo, me preocupa se os test de antíxenos son fiables.

Houbo moita xente que non se enterou, tería que avisarse de outra maneira, chamando. A xente que se entera e non acude é unha falta de responsabilidade. Escoitaremos a súa explicación.

O aforro enerxético nos parece ben.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Boa tarde a todos e todas. Tiñamos pensado abordar certas cuestións noutro punto.

É grave o que comentou o portavoz do PSOE, nos preocupa que o alcalde non conteste. En arase de defender a imaxe de Ribadavia, que saíu danada. En Ribadavia as institucións e a alcaldía teñen que estar por riba de esas demagoxias e populismos. Que dereitos tan privados non os ampare o Sergas, se poden buscar excusas nos recortes de persoal. Feijoo confronta con outras administracións, nos cribados non hai persoal suficiente. No primeiro cribada leía a lista e daba paso persoal do Sergas.

Pedimos explicacións de por qué as probas foron de antíxenos, noutros concellos foi ao 50%. Os test de antíxenos son para xente con síntomas. Consideramos que como institución tiñamos que ter información. O alcalde se nega a convocar a xunta de portavoces. Tiñamos pensado abordar este tema que preocupa á sociedade. A ampla maioría do pleno non ten información, está centralizada no alcalde. Non sabemos se hai persoal afectado. Nos gustaría que a alcaldía respondera á cuestión plantexada.

Respecto ao punto terceiro, consideramos que pode ser unha boa solicitude. A parte a asumir polo concello é substancial, é unha inversión moi importante. Hai que buscar mecanismos para conquistar o apoio de outras administracións.

D^a Mariluz Expósito Pérez .- É un mero trámite administrativo : o compromiso de habilitar o crédito polo importe total e aprobar o proxecto. Se buscará a colaboración de outras administracións.

Alcalde.- Neste pleno se ven a dirimir cuestións concretas, non a facer xuízos sumarísimos. Non vou a contribuir a circos. Se abre un segundo turno sobre o punto concreto debatido.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É unha obra dunha envergadura importante.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Mal feito o que fai vostede. Indignidade a que somete a este concello.

A concelleira é unha das grandes perxudicadas de este alcalde, traballa moito. O alcalde non lle axuda en nada. Seguramente tiña intención de levar e consensuar o orzamento. O alcalde non lle deixou.

O alcalde quere victimizarse, este grupo temos facilitado a aprobación dos orzamentos, de proxectos e de modificacións orzamentarias.

Non fai falta que vaíamos ao xulgado, xa dixo que fixo cousas que non debía.

Lle preguntamos cuestións claras , ¿ Estaba na porta do cribado coa lista do Sergas? ¿ Se fixo a proba ao rematar o cribado?

A veciñanza pide unidade ,pero con esas actuacións non pode haber. Poñerse na porta do cribado intimidando aos veciños. ¿ Lle parecería ben que o fixese eu cando era alcalde? Iso é caciquear.

Vostede practica a indignidade. Se fixo a proba non é exemplarizante e ten que dimitir. Lle pregunto si fixo a proba, sí ou non. É unha cuestión que temos dereito a saber. O alcalde non quere contestar.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2021.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.1/2021, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos: **1º CREDITOS NECESARIOS:**

- **Suplementos de Crédito (Partidas existentes no Orzamento con dotación insuficiente)**

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Aumento que se prop.	Total	Fins
634.00.459	0	3.678,40	23.799,24	Adquisición de vehículo para servicios municipais.

R E S U M O

Tota credits extraordinarios e suplementos de crédito 3.678,40

Total créditos necesarios 3.678,40

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 3.678,40

=====

2º.- FINANCIAMIENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes

recursos:

- a) Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.
- b) Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Disminución que se prop.	Total
133.12003	84.390,12	1.528,38	82.861,74 (1)
133.12006	17.759,25	1.247,15	16.512,10 (2)
133.12009	29.001,80	902,87	28.098,93 (3)
Total disminución que se propón-----			3.678,40

(1) Retribución Básica (Sueldo Base), de prazas vacantes da Policía Local, 1 mes.

(2) Trienios, de prazas vacantes da Policía Local, 1 mes.

(3) Paga extraordinaria de prazas vacantes da Policía Local, parte proporcional a 1 mes.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PP , reservanse para o pleno PSOE, RENC, BNG fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Se explicou que a modificación é para a adquisición dun vehículo. Pediría que o alcalde dese explicacións sobre o plantexado.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Me sumo á petición de que dea explicacións.

O vehículo que se adquire parece que está en bon estado, pedimos unha información máis detallada e unha revisión técnica.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), abstención PSOE (4), RENC (3), BNG, fica aprobada.

5.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES DO PREMIO DE TEATRO ABRENE.

A Comisión de Cultura , Enoturismo e Termalismo , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Propónse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobamos a convocatoria da 16ª edición do Premio Abrente para textos teatrais 2021 e as correlativas bases coa seguinte redacción:

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT) convoca, en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 16ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2021, de acordo coas seguintes bases:

1ª REQUISITOS Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita en lingua galega.

2ª PREMIOS

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.500 euros e a edición da obra gañadora. O Concello de Ribadavia reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello de Ribadavia poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a. En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2021”.

3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou

encadernadas. Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de orixinais remata o día 18 de xuño de 2021 e deberán enviarse ao seguinte enderezo: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense Deberase indicar no exterior do sobre “16º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2021”

5ª XURADO

O xurado estará presidido polo Alcalde de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: a Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento do xurado farao o Alcalde ou persoa en quen delegue e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes. A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

6ª COMUNICACIÓN DO DITAME

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da AlcaldíaPresidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio. A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2021, no contexto da XXXVII edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos serán destruídos, así como as súas correspondentes plicas.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PP, RENC , reservanse para o pleno PSOE, BNG fica

ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Imos votar a favor. O sector cultural está moi afectado pola crise. A realización da Mostra Internacional de Teatro, a pesar das críticas foi un éxito e unha boa decisión.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Imos votar a favor. É un tema difícil, foi un acerto manter a MIT. Non imos a cuestionar as decisións sanitarias, pero nos gustaría que a crise se abordase de outra maneira. ¿ Por qué se culpabiliza a algúns sectores?

Hai que aprobar políticas públicas con orzamentos para minimizar a crise. Desexar o mellor futuro para a MIT.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Eiquí se podía entrar en outros debates. Imos a votar a favor.

Sometida a votación a proposta é aprobar por unanimidade.

6- MOCIÓN RENC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA TEÑA URXENTEMENTE ORZAMENTOS PROPIOS PARA AFRONTAR A CRISE E RECLAMAR A XUNTA TRANSFERENCIAS PARA AXUDAS OS SECTORES MÁIS AFECTADOS POLA CRISE..

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Desde Ribeiro en Común consideramos urxente que o Concello de Ribadavia dispoña duns Orzamentos para afrontar a crise social e económica que vivimos.

O goberno local ignora ou subestima a situación que padecen moitos veciños e veciñas de Ribadavia que viron reducidos os ingresos nesta crise. Parados, autónomos, comercio e hostalaría son só un exemplo de sectores da nosa sociedade que se está levando a peor parte desta crise. Polo que non é de recibo a renuncia do actual goberno local a ter un Orzamento.

Unha vez máis os grupos da oposición teremos que liderar as medidas, igual que sucedeu en 2020.

Tócanos aos Grupos Municipais, co abandono de funcións do goberno, tomar a iniciativa para que o Concello sexa unha institución activa, que suma e axuda, non meros observadores pasivos, só activos para o lecer e a propaganda.

Estamos nun momento difícil e veñen tempos duros, este 2021 debe ser abordado desde a maior unidade posible, política e veciñal, para saír o mellor posible desta crise.

Non é de recibo que en plena crise o goberno local continúe instalado no tacticismo de interese partidario, no lugar de priorizar as necesidades dunha sociedade que está capeando un duro temporal e que necesitaría de investimentos municipais que non chegan.

Ribeiro en Común denuncia a pasividade, deixadez do goberno local que volve retrasar a presentación dos Orzamentos aos grupos, cando estaban xa anunciados para o Pleno de decembro do 2020.

O goberno actual prioriza a propaganda baleira no lugar de centrarse en intentar resolver os problemas dos veciños. Non é capaz de chegar a ningún acordo cos grupos. Todas as propostas da oposición son aprobadas pero despois non se levan a cabo ou demóranse na súa aplicación perdendo efectividade. Isto foi o resumo do ano 2020.

Si en condicións normais isto sería motivo de crítica, no contexto actual tan difícil para a maioría da sociedade ribadaviense, e con moitos casos de veciños que viron reducidos os seus ingresos, non podemos aceptar que o Concello non priorice políticas sociais para axudarlle a veciñanza que máis o necesita.

En crises como as que estamos a vivir, os concellos teñen que estar máis preto ca nunca da veciñanza priorizando as necesidades máis esenciais. Nunca foi a intención do goberno actual.

Ribadavia precisa uns Orzamentos que planifiquen e prioricen investimentos sociais con urxencia e sen máis demora. No duro ano que ven por diante Ribadavia vai necesitar de maiorías amplas e sólidas. Non un goberno incapaz de chegar a acordos.

Non imos volver ás dinámicas deste 2020, onde todas as iniciativas e propostas anti-crise foron dos grupos da oposición, e o goberno non foi quen de levalas a cabo en tempo e forma, un desinterese que causou prexuízos aos veciños. Máis interesado en facer caciquismo con recursos municipais, importando a Ribadavia as formas do seu xefe Baltar na Deputación, que en exercer un proxecto propio centrado na crise e nas necesidades dos veciños de Ribadavia.

A día de hoxe, o actual alcalde incumpre o seu anuncio de que o Pleno abordaría o documento dos Orzamentos 2021 como moi tarde en xaneiro. Díxoo no pleno de Novembro e no de Decembro. Mentiu. A día de hoxe o actual alcalde continúa sen convocar Xunta de portavoces e dar información sobre os datos moi preocupantes que temos en Ribadavia, xa que por desgraza non somos alleos á 3ª onda. Nunha crise na que a sociedade nos esixe estar unidos e cooperando, o actual alcalde prefere desprezar aos grupos municipais do Pleno e confrontar. No lugar de aceptar o noso ofrecemento á unidade e cooperación actúa sen informar aos grupos municipais e desprezando as nosas propostas.

A crise actual esixe acordos amplos, a sociedade ribadaviense precisa acordos amplos e sólidos que lle dean algunha certeza e apoio nestes duros momentos e neste difícil 2021 que comezou cun agravamento da crise. O noso compromiso é unicamente traballar para axudar aos nosos veciños.

OS CONCELLOS PRIMEIRA LIÑA DE COMBATE DO VIRUS E DAS SÚAS CONSECUCIAS SOCIAIS.

Os concellos unha vez máis somos a primeira liña de combate contra a crise e contra os seus efectos na sociedade. A pesar disto, a día de hoxe, a Xunta de Galicia non transferiu nin un só euro aos concellos galegos para este fin, e non o fixo a pesar de ter recibido a día de hoxe 1.193 millóns de euros extraordinarios do Goberno do Estado para atender moitas das fronteas abertas pola covid19. A Xunta tampouco transferiu recursos aos concellos a pesar de que estes asumiron subvencións directas ás súas pequenas empresas e autónomos, ou outras medidas como exencións e bonificacións fiscais , así como outros gastos por competencias non propias en labores múltiples de loita contra a covid19 en espazos e edificios públicos de competencia autonómica.

Ribeiro en Común propón que o Pleno de Ribadavia acorde reclamarlle á **Xunta de Galicia a transferencia inmediata de Fondos a todos os concellos galegos** para que sexan os concellos os que reparta as axudas aos sectores máis afectados pola pandemia de covid19.

Os Fondos do Estado e da Xunta deben priorizar a axuda directa das Administracións á autónomas, hostaleiros e a todos os sectores que se están vendo máis perxudicados por esta crise.

Tamén á aqueles servizos sociais públicos que foron primeira liña de batalla e de coidados nesta crise da covid19. Non é de recibo que a día de hoxe, a Xunta de Galicia non refirme os servizos sociais que dependen dos Concellos e tampouco aquelas Residencias Xeriátricas que teñen vinculo con concellos, como é o caso do “Hospital Asilo Nosa Señora dos Anxos” .

Uns Orzamentos 2021 que recollan unha Batería de Medidas Sociais destinadas aos veciños e veciñas máis afectadas pola crise, orzamentos nos que debe existir a cooperación de outras Administracións superiores.

1. Plan de Inserción Laboral e Fomento de Emprego.
2. Bono social a parados/as para a adquisición de produtos de primeira necesidade, mercado en establecementos do municipio.
3. Bono para pago de facturas de primeira necesidade como Luz, Auga e Aluguer.

4. Bono de compra no comercio local co obxecto de dinamizar e revitalizar o consumo no comercio de Ribadavia.
5. Axudas a Autónomos, PEMES, e hostalaría de Ribadavia.
6. Compra de mascarar para persoas con menos recursos, e compra/ instalación de sistemas purificadores do aire para os colexios de Ribadavia nos que se poida instalar, sobrepasando o bloqueo da Xunta.
7. Partida importante de axuda ao Asilo de Ribadavia, sempre de acordo á normativa vixente.
- 8.- Reforzamento da área de servizos sociais do concello e de Axuda no Fogar.

PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1 Que o concello de Ribadavia elabore, consensue e aprobe con urxencia un orzamento municipal para facerlle fronte á crise social e económica que afecta de cheo á sociedade ribadaviense derivado das restriccións e da crise sanitaria mundial.

2 Que o concello de Ribadavia acorde reclamarlle á Xunta de Galicia a transferencia inmediata de fondos a todos os concellos galegos para que sexan os concellos os que repartan as axudas aos sectores máis afectados pola pandemia de covid-19.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE, RENC , reservanse para o pleno PP, BNG fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- O propio título indica que hai dous obxectivos nesta moción.En xaneiro se nos dixo que ía a haber un borrador de orzamentos, hai que tomar medidas con premura. En segundo lugar reclamarlle á Xunta a transferencia de fondos para os sectores máis afectados pola crise.

Foi a oposición facendo moita forza a que materializou estas cuestións sociais que foron implementadas polo goberno a fin de ano. A oposición fai os seus deberes, o goberno non. As medidas se implementaron tarde. Houbo un intento de baltarismo político de utilizar certos resortes para atacar á oposición de forma política e partidista. Na terceira onda hai que utilizar o diñeiro para axudar aos máis perxudicados pola crise. A oposición lle deu a man ao goberno e foi constantemente rexeitada. Nas actas do pleno e da xunta de

portavoces se ve que a oposición facía propostas contra o muro de silencio construído polo alcalde.

Os concellos somos unha administración modesta. A oposición fixo boas propostas ,pero os cartos están na Xunta que actúa con lentitude e confronta con outras administracións. A xunta non exerce a colaboración cos concellos. Que sexa o concello o que xestione as axudas. Sabemos mellor que Feijoo as necesidades de veciños, autónomos e hostaleiros de Ribadavia.

¿Por qué fai agora a policía local o que tiña que ter feito na anterior onda? Temos unha moi boa policía local, fai un traballo extraordinario. Ningún político é culpable do contaxio, tampouco o alcalde de Ribadavia. PP e Vox xogan a demagogia. Non culpamos da crise a ningunha administración de Galicia , nin ao concello. A Garda Civil fai unha boa labor, nos consta que colabora.

No ano 2021 hai certas obras que non son prioritarias. Hai unha entidade que merece 27.000 euros, pero noutras circunstancias. Non se lle pode dar neste momento. É a Deputación a que retira a subvención. Non é prioritaria a obra na rúa Piñeiral. No orzamento de 2021 hai que abordar as prioridades co máximo consenso posible. O fomento de emprego e o plan de inserción laboral lle corresponde a xunta. Pedimos un bono social para parados. Hai xente que non pode encender a calefacción en Ribadavia, o concello ten que chegar a máis xente. Tamén axudas a autónomos, pemes e hostalería. Comprar máscaras aos que menos teñen. O do PP de Galicia non é de nivel ético, o alcalde se fixo unha foto entregando máscaras. No pleno se aprobou o dos purificadores de aire e nos atopamos con excusas e trabas burocráticas. Hai que reforzar nos orzamentos servizos sociais e axuda no fogar. Pedimos que a Xunta e o Sergas poñan como sector prioritario axuda no fogar e os usuarios.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O BNG concorda nos dous puntos. Preguntamos nas comisións polos orzamentos, é o documento máis importante nun concello. A realidade mudou coa pandemia. Non se traen orzamentos. A concelleira dixo que ían a estar pronto. Os concelleiros da oposición temos feito moitas aportacións en positivo para mellorar a vida da xente de Ribadavia. O noso grupo participará no orzamento se lle deixan.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Concordamos nas dúas propostas. Isto vai da administración na que somos concelleiros, na que podemos axudar aos veciños. O PSOE , cando gobernaba, menos nunha ocasión trouxo os orzamentos en tempo e forma. O orzamento determina o que quere facer un goberno. Son máis necesarios nesta crise tremenda.

Eiquí non se sabe gobernar .Outros grupos temos que poñer o prioritario para os veciños. Ao non estar aprobados os orzamentos , se viñeran axudas da Xunta ou do Estado, chegaríamos tres meses tarde. Levamos meses avisando, non fixo o traballo o que o ten que facer. O goberno é incapaz, coa Xunta da man e o alcalde sentado na xunta de goberno da Deputación. Outros concellos do PP nos triplican ou cuadriplican nas axudas da Deputación. Hai que tomar decisións, hai grupos suficientes para revertir a inacción do goberno. Non fixeron ben o traballo, os primeiros orzamentos non se aprobaron por non intentar consensuar. Igual a oposición ten que ser o goberno. Eu estou en política para cambiar o día de hoxe. Este concello non está gobernado.

Na Deputación de A Coruña hai un plan único da Deputación que incorpora catorce millóns de euros para reforzar o servizo de axuda no fogar dos concellos. O mesmo na Deputación de Pontevedra. Eu combatín o caciquismo nesta provincia. Ao mellor non queremos conseguir cousas para os veciños. Algún preguntou polos orzamentos da Deputación para Ribadavia , e se dixo que cen mil euros para a Ponte da Veronza e vinte e cinco mil para a gardería , e dixo que creía que non faltaba ningún, se dice iso é que non se preocupa.

Non respostou ao que se preguntou ao principio do plenario. Como un alcalde democrático non contesta unha cuestión tan sinxela.

A concelleira pon todo o empeño. Hai dúas adicacións miserables, non hai xente que se adique ao concello vinte e catro horas gratuitamente.

O alcalde estaba na porta cando se facía o cribado. No baloncesto cando o entrenador non funciona, hai que cambiar de entrenador. Tiñamos que estar falando dos orzamentos, o pouco que se pode axudar sae dos orzamentos. Urxe un orzamento e quen o capitaneee, nos nos brindamos a intentalo.

D^a Mariluz Expósito Pérez (concelleira de Facenda).- Xa tiven a reunión con servizos sociais. Ao coincidir co peche do ano se pospuso dous días.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- ¿ O alcalde non vai a opinar sobre esta cuestión?

Alcalde.- Me reservo a opinión para o turno de peche.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Eu non veño eiquí a quentar a boca, pedimos falar co goberno. Facemos un traballo serio, porque nos peta como dice Celso Emilio Ferreiro.É grave a falta de formas coa oposición. Hai un total desprezo por parte da alcaldía ao non opinar sobre a miña moción. A arrogancia non é unha virtude dos representantes dos veciños. Eses gobernos arrogantes e que desprezan aos demais, nos que unha persoa preside. Non entendemos esta arrogancia sistemática. A lexislatura comezou coa falta de acordo dos tres grupos progresistas. O PP asumiu o goberno. Todos os grupos da oposición dimos o mellor que tivemos. Hai escenas na rúa desta institución que non estamos dispostos a consentir.

No pleno de maio dixemos que urxía tomar medidas, os grupos da oposición forzamos o acordo e a toma de medidas. Non se nos deixou participar nas reunións con algúns grupos. Pensa que é Baltar na Deputación con maioría absoluta. Hai unha falta de respecto absoluto. A cidadanía necesita que este concello se active. Non se nos explicou porque vai a haber obras na terceira onda. Se dice que se vai a presentar o orzamento pola moción de Ribeiro en Común. A ineficacia de 2020 non se pode volver a repetir. O goberno de Ribadavia se aproveitou da xestión dunha crise para facer fotos. Tivemos que soportar que eramos uns catastrofistas. Hai que tomar medidas, nin se xestiona nin se consiguen inversións.

Se o meu partido estivese na Xunta e na Deputación eu conseguiría inversións ou me vou da política ou do concello. Non sabemos nada das inversións en dous anos. De algunhas inversións das que se fala, o grupo parlamentario do BNG dice que están sen atar. Se traen cen mil euros a un orzamento de catro millóns e medio, é vergonzoso. Nos facemos propostas en positivo. Foi un orgullo pasar de cero a un concelleiros, e de un a tres ¡Viva Ribadavia sempre!

Alcalde.- Como fago habitualmente vou a intervir. O importante é a cidadanía que está fóra e para a que traballamos todos. Todos os concelleiros do goberno traballan todo o día para mellorar a vida dos veciños.

Preguntaban polo proxecto do Centro de saúde, o 28 de decembro se licitou a redacción do proxecto. A obra se licitará a principios de primavera. Hai que demostrar facendo, nos argumentamos cos feitos. En ocasións as palabras da oposición só buscan desacreditar ao goberno, falar de arrogantes, trato despectivo ; queren trasladar cara a fora unha imaxe. Este goberno traballa para mellorar a vida da cidadanía.

Os orzamentos do 2020 foron rexeitados en febreiro, a pandemia vino en marzo, e foron traídos a pleno en xuño. As axudas de concorrencia competitiva incorporadas foron a única diferenza en xuño.

O goberno marca a súa axenda e prioridades , como o fai a oposición. Non houbo acordo das forzas de esquerdas e goberna a lista máis votada polos veciños. O respecto como representantes debe ser nos dous sentidos, co recoñecemento do respecto do outro.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Esta pluralizando, non xeneralice, recoñecemos aos demais concelleiros, ao que non recoñecemos é a vostede.

Alcalde.- Estamos traballando nun borrador de orzamentos, plantexa cuestións fruto dos acordos , co departamento de servizos sociais. Temos que xestionar os recursos que temos, aprobar o orzamento entre todos.

Nos traballamos con transparencia, sinceridade, honradez , os concelleiros e concelleiras do goberno traballan con adicación plena, dende que se levantan ata que se acostan. A xente da rúa o sabe. Eu estou orgulloso de pertencer a este grupo de goberno, que é impecable.

Sería bó para os veciños deixar de lado calificativos como arrogantes, incapaces, máis neste contexto. A unidade non se predica, se exerce. Sería bó trasladarlle aos veciños que se traballa por un obxectivo común. Descalificar permanentemente ao goberno é facer política da mala.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- ¿ A que foi vostede a dar entrada no cribado? Nos acaba de insultar ¿ cando lle insultou o PSOE? Vostede é o que insulta a oposición.

Alcalde.- Recordo que estou no uso da palabra.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Fun eu o que lle tive que advertir.

Alcalde.- Por favor, non está no uso da palabra.

O goberno da o mellor de sí por Ribadavia, os veciños o ven e o agradecen.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a favor PSOE (4), RENC (3), BNG, abstención PP (5), fica aprobada.

7- MOCION BNG A FAVOR DUN PLAN DE RESCATE PARA A NOSA HOSTALERIA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promocion Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

Os concellos galegos están desenvolvendo, en maior ou menor medida, e desde o inicio da crise da Covid políticas económicas e sanitarias que van máis alá das súas competencias: SAF, desinfección de centros ensino, plans de axudas a sectores afectados, axudas de emerxencia, medidas extraordinarias de limpeza e desinfección de espazos públicos, control do cumprimento das normas Covid....

A hostalaría é un dos sectores máis afectados polas restriccións ás actividades como consecuencia da Covid, no que máis se visibiliza a situación de parálise da situación económica de moitos sectores e na que se focalizan as distintas medidas de restrición que vai decretando a Xunta, que é a administración que toma as decisións sobre as restriccións ao exercicio da actividade da hostalaría, desde que rematou o primeiro estado de alarma no pasado mes de xuño, no exercicio das súas competencias en materia sanitaria.

Apoiamos as medidas que se estimen necesarias para frear a pandemia, porque a mellor maneira de saír da crise económica é controlando o virus, agora ben, se se decreta o peche dun sector, -que é na práctica o que está pasando coas novas restricións-, ese sector ten que recibir axudas directas e inmediatas que compensen as perdas. A Xunta debe acompañar as restriccións anunciadas despois do Nadal co paquete de medidas económicas necesario para poder facer fronte á situación de peche da actividade hosteleira, e que concellos e deputacións participen nun plan de axudas a tres bandas no que cada quen realice o mesmo esforzo orzamentario e sempre desde a negociación.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Demandar axudas inmediatas á hostalaría pola redución/cese da súa actividade.

2.- Colaboración da Xunta, Concellos e Deputacións nun fondo de medidas de impulso económico de axuda á hostalaría: Cada administración aportará a mesma porcentaxe do seu orzamento.

Para a aplicación deste fondo elaboraranse unhas bases consensuadas entre a Fegamp e a Xunta .

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE, RENC, BNG , reservanse para o pleno PP fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É unha cuestión xa tratada en outras ocasións . Se intenta culpabilizar a algún sector, cando o culpable é o virus. Hai un confinamento encuberto. A veces hai que tomar decisións máis drásticas para resolver o problema. A hostalería arrastra a outros sectores.

O plan de rescate podería contar con oitenta millóns da Xunta. O vicepresidente da Xunta critica ás Deputacións de Pontevedra, Coruña e Lugo. Os colleiteiros están en crise polo exceso de viño acumulado excedentario.

O BNG lle transmitiu ao alcalde que non quería que gobernase , pero foi a lista máis votada. Non concordo para nada que a causa fose a falta de acordo dos tres grupos progresistas. As opinións que transmite a xente son diversas. Para mín a educación e o respecto son prioritarios, ao marxe do que pueda pensar da xestión do goberno.

Se non queremos este goberno , está nas vosas mans. PSOE e RENC ten a maioría absoluta da corporación. A oposición ten que presionar, o cambio de goberno está nas vosas mans.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Se fala de as palabras son importantes, tamén as intencións. As palabras do alcalde son boas,pero non sempre ten boa intención. O importante son os feitos. A pesar de estar nunha situación incómoda nos queríamos gobernar para iso nos votou a xente. Nun contexto de catro grupos,sodes a lista do PP menos votada en décadas. Aventurase a decir que a cidadanía agora o apoia. Decir que o goberno é arrogante non é un insulto.

noso grupo podía ter dito que algún concelleiro non cumpre a normativa que debe vixiar. O alcalde abandonou totalmente as súas funcións cando era concelleiro da Deputación. Os seguidores do alcalde me dedican insultos na rede. Que conste en acta que eu non lle chamei inútil ao goberno. As súas acción provocan que grupos enfrentados se aproximen, sólo queda victimizarse.

Eu viví personalmente como fai política o PP de Baltar, iso é política da mala, o vivín dende neno.

Creo que os trece concelleiros buscamos o mellor para Ribadavia. Non se busca o acordo, o consenso. Reirse das mocións iso sí que é un insulto. É demagogia decir que en 2020 en febreiro se votaron en

contra os orzamentos e en xuño a favor obviando que houbo unha pandemia por medio.

A oposición hoxe foi insultada e denigrada.

É lóxica a proposta do BNG a favor da hostalería.

Este goberno non pode queixarse da oposición. O goberno chega tarde a estas axudas. Concordamos ao 100% co BNG nestas axudas. Hai que poñer en valor os acordos propostos pola oposición e aprobados por unanimidade. Non aceptamos a posición de que buscamos confrontación e desgastar ao goberno. Eres un alcalde que debería buscar o consenso e buscas a confrontación. O victimismo é unha forma de mentira, nos elixiron para buscar solucións.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Cando un ten a sorte de haber sido tenente de alcalde doce anos e catro anos alcalde, e ter que aceptar leccións dun señor que se adica ao que se adica, é bastante molesto. Está facendo campaña para dentro de dous anos e medio. Non dixo nada dos orzamentos e a concelleira vinte e cinco segundos.

Non é un insulto dicir que non traballas e só consigues 125.000 euros da Deputación. Ti non vas a estar dezaseis anos de alcalde e de tenente de alcalde.

¿ Sabes o número e os nomes dos alcaldes de Ribadavia en democracia? Tes que recordar aos nove anteriores alcaldes. Xa que falas de respecto e educación, que non exerces. Te dixes que te comportaste indignamente o outro día. O único que fallas es ti, te adicas á campaña electoral permanente. Os teus compañeiros te importan moi pouco. Eu xa sei onde vas a acabar politicamente. José María Vázquez Pérez, Jaime Dávila Sánchez, Miguel Fidalgo Areda, Marcos Blanco Jorge, José Ignacio Gómez Pérez.

Sabes a diferenza entre os anteriores alcaldes e ti, ningún faría o que ti fixeches o outro día.

Hai moitos que se avergonzaron da túa actitude. Leccións as xustas.

Ven eiquí decindo que un goberno ten que ser valiente; como fixo o goberno central. Dende o minuto cero o PP se dedicou a criticar todas as medidas do goberno e a insultar. O concello non pode axudar porque o goberno é incapaz.

Saíu o caradura do presidente que temos a decir que practicamente encerraba a xente igual. E lle pide ao goberno que adiante o toque de queda.

8.-MOCIÓN BNG POR UNHA FACTURA ELÉCTRICA MÁIS XUSTA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

A factura que a nosa cidadanía paga pola subministración eléctrica é unha das máis caras de toda a Unión Europea (en 2020 Estado español ten a 5ª tarifa doméstica máis cara dos 27 Estados membros segundo Eurostat). Esta realidade deriva nunha crecente alarma social cando, coincidindo coas vagas de frío e calor, cunha maior necesidade hai, o prezo do subministro eléctrico atinxe os valores máximos.

Esta circunstancia provoca que ao redor do 30% da poboación galega padeza de pobreza enerxética, é dicir, que non desfrute de confort térmico no seu fogar porque non pode asumir a factura de electricidade e calefacción que iso supón. A posta en marcha dos bonos eléctrico e térmico apenas teñen mellorado a situación pola lenta e complicada tramitación (en mans das propias suministradoras) e a escasa redución da tarifa que en moitos supón para os beneficiarios.

É urxente que se acometan unha serie de medidas que permitan reducir o prezo final da electricidade, máis aínda no caso galego, no que a maior parte xérase con fontes renovables, polo que supón menor custe pero sen que isto se reflicta en beneficio dos nosos fogares, nin en vantaxes para a nosa industria xa que a tarifa é única en todo o Estado, tendo incluso que asumirmos dende Ribadavia o custe que supón transportar a nosa electricidade centos de quilómetros ate alí onde se consome boa parte dela.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

a)Demandar unha tarifa eléctrica propia para Galiza para que, atendendo aos custos da produción, a factura da luz sexa máis barata que a actual, en beneficio de consumidor@s particulares e empresas.

b)A eliminación dos suplementos territoriais da tarifa eléctrica.

c)Unha baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4% (superreducido) conforme a un ben vital para o benestar.

d) A garantía de subministración eléctrica a toda a poboación, establecendo medidas para que non se lle poida cortar a luz a ningunha persoa sen recursos.

e) A creación dunha empresa pública galega que integre os encoros que remataron o período de concesión, socializando os beneficios xerados pola produción eléctrica.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol RENC, BNG , reservanse para o pleno PSOE, PP fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

Saíu o caradura do presidente que temos a decir que, practicamente , encerraba a xente. Lle pido ao goberno que adiante o toque de queda. Ogallá haxa axudas da xunta, pero é a mínima previsión que se pode ter.

Aos grupos de esquerdas lles toca a responsabilidade de mudar as cousas onde non se traballa. O PP goberna onde é o partido máis votado, onde non fai pactos como con Xacome. Dice que son o partido máis votado; eu son partidario dunha segunda volta. Na segunda volta serían dous mil e pico votos contra mil e pico. Se os demais grupos temos o dobre de confianza dos votantes, leccións as xustas.

No tema das axudas hai que sentarse e traballar, non poden ser axudas lineais de 300 euros: Hai que falar coa xente, igual se necesita unha plataforma para vender os produtos. Os que estivemos no goberno sabemos que a situación é dura. Estes señores non tiveron tempo de elaborar e pensar un orzamento. Vostede na oposición non apoiou ningún orzamento. Nos lle facilitamos que aprobase dous orzamentos. Se cinco non dan,oito si dan.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Se apuntou que a miña intervención foi de vinte e cinco segundos. Que ningún pense que as miñas intervencións son curtas por falta de respecto ou de aprecio á oposición. Se sorprendería do tempo que os demais adican efectivamente a esta moción. Pido desculpas se algún se sentiu ofendido.

Sobre o fondo de axudas da Xunta hoxe houbo outra reunión, o acordo está case pechado. Falta o punto de que administración vai a facer o reparto . Imos votar a favor, esperando o resultado das negociacións.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai moitas queixas da oposición de que non se dan explicacións.Hai moitos sectores que están demandando axuda nestes momentos. O goberno non pode poñerse de perfil. Hai que aportar propostas e solucións.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

8.-MOCIÓN BNG POR UNHA FACTURA ELÉCTRICA MÁIS XUSTA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 21 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte ditame:

A factura que a nosa cidadanía paga pola subministración eléctrica é unha das máis caras de toda a Unión Europea (en 2020 Estado español ten a 5ª tarifa doméstica máis cara dos 27 Estados membros segundo Eurostat). Esta realidade deriva nunha crecente alarma social cando, coincidindo coas vagas de frío e calor, cunha maior necesidade hai, o prezo do subministro eléctrico atinxe os valores máximos.

Esta circunstancia provoca que ao redor do 30% da poboación galega padeza de pobreza enerxética, é dicir, que non disfrute de confort térmico no seu fogar porque non pode asumir a factura de electricidade e calefacción que iso supón. A posta en marcha dos bonos eléctrico e térmico apenas teñen mellorado a situación pola lenta e complicada tramitación (en mans das propias suministradoras) e a escasa redución da tarifa que en moitos supón para os beneficiarios.

É urxente que se acometan unha serie de medidas que permitan reducir o prezo final da electricidade, máis aínda no caso galego, no que a maior parte xérase con fontes renovables, polo que supón menor custe pero sen que isto se reflecta en beneficio dos nosos fogares, nin en vantaxes para a nosa industria xa que a tarifa é única en todo o Estado, tendo incluso que asumirmos dende Ribadavia o custe que supón transportar a nosa electricidade centos de quilómetros ate alí onde se consome boa parte dela.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

a) Demandar unha tarifa eléctrica propia para Galiza para que, atendendo aos custos da produción, a factura da luz sexa máis barata que a actual, en beneficio de consumidor@s particulares e empresas.

b) A eliminación dos suplementos territoriais da tarifa eléctrica.

c) Unha baixada do IVE na factura eléctrica, do actual 21% ao 4% (superreducido) conforme a un ben vital para o benestar.

f) A garantía de subministración eléctrica a toda a poboación, establecendo medidas para que non se lle poida cortar a luz a ningunha persoa sen recursos.

- g) A creación dunha empresa pública galega que integre os encoros que remataron o período de concesión, socializando os beneficios xerados pola produción eléctrica.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol RENC, BNG , reservanse para o pleno PSOE, PP fica ditaminada de xeito favorable elevándose a pleno en calidade de ditame

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A factura da electricidade é moi inxusta. Hai unha caída en picado das temperaturas e se elevou o custe a un prezo que moi poucos poden pagar. Hai moitas familias nunha situación de pobreza enerxética, se debe revertir. Hai solucións como a baixada do IVE, se pode , como pasou coas mascarillas. Que ningún na nosa sociedade chegue a quedarse sen luz. O bono eléctrico é extremadamente complicado.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Cando falamos da tarifa eléctrica falamos de cousas de máis calado. Falamos de dereitos en territorios onde baixa moito a temperatura. Falamos de benestar e de vivenda. Neste país onde hai un problema está o PP detrás, privatizaron unha empresa pública. O problema está na clave introducida no 2013 na factura da luz. É lamentable que os gobernos non resolvan esta cuestión, gobernos que se dicen progresistas deberían ser máis valentes. Os concellos poderíamos facer moito máis.

Para unha familia desprotexida non é o mesmo pedir, que exercer un dereito. Nos somos un país produtor de enerxía. Todos sabemos onde está Beatriz Mato, nunha compañía eléctrica, porta xiratoria. É a explicación de porque Galicia está como está. En Holanda ou Dinamarca hai outro aproveitamento enerxético. En Galicia hai un expolio enerxético con colaboradores no goberno galego como pasaba na India.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- É un tema moi complexo Se bota a culpa a quen non a ten, o goberno leva un ano. Este tema ten uns precedentes: o PP das privatizacións. Isto se ten avisado.

É un incremento da parte fixa das facturacións, que activan as empresas. Este goberno ten que potenciar as enerxías renovables . Espero que o goberno do PSOE e Podemos intente paliar o que estamos vivindo hoxe. Buscarán o mecanismo para que paguemos igualmente.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Coincidimos co espírito da moción e cos puntos. Son circunstancias que van máis alá do concello.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (PSOE).- Grazas polo apoio . Todos sabemos quen está nas grandes empresas. Que os consumidores non se vexan perxudicados.

Sometida a votación a proposta, obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RENC (3), e BNG , abstención PP (5), fica aprobada.

9.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non houbo.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Me sorprende o resultado do cribado , que fose negativo. Que o Sergas nos informe se foi eficaz, efectivo. Que se vixile a situación nos centros escolares. ¿ Qué se falou nos Consellos Escolares?

D^a Yolanda Gómez Gómez (PP).- Se falou do covid, non hai casos.Universidade de Santiago está facendo unha proba dos purificadores de aire en varios colexios, aínda non están comprobados. O CRA pide pequenos arreglos. Non hai ningunha queixa sobre o comedor.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Facer unha defensa a ultranza do comedor de ese centro escolar, o coñezo moi ben.

D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- Que se responda á pregunta do PSOE sobre se o alcalde se fixo a proba o día do cribado. No silencio vai a resposta. A situación da pandemia en Ribadavia é moi preocupante. Pedimos unha xunta de portavoces, pedimos información. A día de hoxe temos unha información incompleta. Preguntamos se hai traballadores municipais afectados. Despois se dice que venimos a criticar. Non se nos respecta como concelleiros nesta crise. Nos enteramos pola prensa dos datos da covid. Hai dous casos positivos no IES, catro no CRA e tres no CEIP. Nos pedimos un cribado do Sergas nos colexios de Ribadavia. Creemos que ese cribado debe ser feito con

PCR. Os antíxenos son para persoas con síntomas nos cinco primeiros días. Que o alcalde pregunte porque a proba foi con antíxenos. Na vacina que se priorize o asilo e o servizo de axuda no fogar.

Que se responda a pregunta do PSOE, hai persoas que están agardando unha proba.

Hai aprobada unha mocion sobre plenos telemáticos, é unha oportunidade de celebralos.

Alcalde.- Tomo nota dos rogos. Respecto a facer extensiva á vacinación ao servizo de axuda no fogar, hai un plan de vacinación nacional, a Xunta pediu ao goberno central que se priorice o servizo de axuda no fogar.

Se están recabando os datos de servizos sociais, son datos protexidos por lei. D Brais Fidalgo Martínez (RENC).- ¿Recibíu algunha baixa?

Alcalde.- Non chegan á alcaldía, se trasladan a Tesourería.

Teño unha cousa moi clara, ningunha persoa de ese pleno ten que explicar se vai a unha cita médica ou a unha analítica.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Vostede si ten que contestar á pregunta. O alcalde e o tenente de alcalde fixeron a proba sen estar citados para o cribado. Os demais veciños e veciñas están esperando. Maña presentamos as probas, terá que asumir as consecuencias políticas. Só faltaría que o alcalde non conteste. Tivo a caradura de poñerse na porta do cribado, é intolerable. O presidente da Xunta dixo que ningún alcalde do PP se vacunara. Houbo un que sí. ¿Qué clase de ética ten? ¿Se fixo a proba cando acabaron os demais. Se non resposta xa nos contesta.

Que me conteste por escrito respecto ao operativo do GES respecto ao cribado, cales e que postos ocupaban. Por rexistro e con data.

Sabe se a Asociación de Montes onde está o punto limpio, se reunió, se tivo esa reunión, e se acordou que a cesión fose para o punto limpio.

Alcalde.- Se dará unha copia do documento.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Se vendeu un plan piloto de acopio de trastos. Xa se facía a carga e descarga nun contenedor da RENFE. Fixo unha chapuza, ¿quén vai a pagar o que dixo que hai que facer o segundo informe da Deputación? Facer a curva máis extensiva e sinalización. Hai dezaseis anos se gardaban ahí as pedras.

A Xunta permite que os parques e xardíns sigan abertos, é de sentido común pechar se non se poden xuntar os convivintes. No bando é mellor dicir que non se faga uso dos parques.

Alcalde.- A sinalización do punto limpio está encargada. Os parques, de momento, non se pechan. A policía local está especialmente pendiente.

A proposta de don Manuel Vázquez López, o pleno do concello de Ribadavia acorda manifestar o seu máis sentido pésame a dona Pura

Dávila polo falecemento de don José Antonio Puga Espiñeira , profesor de ximnasia de numerosas xeneracións de ribadavienses, primer cinturón negro de xudo, medalla ao mérito deportivo de Ribadavia e deportista e persoa exemplar.

E sendo as once horas e corenta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO